## III. OUTRAS DISPOSICIÓNS

## INSTITUTO GALEGO DE PROMOCIÓN ECONÓMICA

*CORRECCIÓN de erros. Resolución do 26 de xullo de 2016 pola que se dá publicidade ao acordo do Consello de Dirección que aproba as bases reguladoras das axudas a proxectos de formación Industria 4.0, cofinanciadas polo Fondo Social Europeo no marco do programa operativo FSE Galicia 2014-2020, e se procede á súa convocatoria en réxime de concorrencia competitiva.*

Advertidos erros na referida resolución, publicada no DOG núm. 156, do 19 de agosto de 2016, procede facer as seguintes correccións:

– Na páxina 37033, no punto b) do número 6 do artigo 14, onde di:

«b) Lista de alumnos, detallando o seu DNI, nome, empresa coa que está vinculado e tipo de vinculación (dentro das permitidas polo artigo 1.4 destas bases reguladoras) e indicando se superaron o curso e, se é o caso, a nota obtida».

Debe dicir:

«b) Lista de alumnos, detallando o seu DNI, nome, empresa con que está vinculado, tipo de empresa (peme ou grande empresa) e tipo de vinculación (dentro das permitidas polo artigo 1.4 destas bases reguladoras) e indicando se superaron o curso e, se é o caso, a nota obtida».

– Na páxina 37033, elimínase a letra c) do número 6 do artigo 14 e renuméranse as letras, da letra c) á g).

CVE-DOG: 10q1kgr3-0lg4-tzj6-pa73-mb9tcauzcrm9